



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**GUIÓN ORIENTATIVO PARA A CONFIGURACIÓN DO
PORTAFOLIO**

PRÁCTICUM II

GRAO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Facultade de Ciencias da Educación



O portafolio é un documento en que se describe, analiza e reflexiona sobre a experiencia do Prácticum, forma parte da avaliación, ten un peso do 40 % na cualificación global e vai ser avaliado polo/a titor/a da Facultade. Para superalo é preciso ter aprobado o portafolio.

O propósito do portafolio é pór en práctica a descrición de escenarios, grupos sociais e situacións cotiás do contexto dos centros educativos de educación primaria, introducindo a reflexión fundamentada para avanzar na construción do propio coñecemento.

Desenvolver a capacidade de reflexión, análise, síntese, organización e secuenciación da información, como elementos imprescindibles do desenvolvemento profesional.

ASPECTOS FORMAIS

1) Portada (anexo I).

2) O traballo debe ter un índice paxinado en que se reflecta, como mínimo, o número de apartados que se recollen, así como os subapartados que o alumno/a considere necesarios para orientar mellor a súa lectura. Se procede, pódese incluír un índice de táboas ou gráficos.

3) Apartados do Portafolio (anexo II).

4) Formato:

- Extensión: entre 40 e 60 páxinas, mais os anexos.
- Letra: Times New Roman 12.
- Espazamento entre liñas de 1,5 liñas e aliñamento xustificado.
- Marxes superior e inferior de 2,5 cm.
- Marxes laterais de 2,5 cm.

5) Referencias bibliográficas. Só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo do Portafolio e organizarase seguindo algúns dos formatos



recomendados para a redacción de citas bibliográficas, preferentemente formato APA 7.^a (última edición)

- 6) Anexos. Nos anexos incluírase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido do Prácticum. Os anexos deben ir recollidos no índice e, por tanto, paxinados. Igualmente deben aparecer indicados no texto vinculados ao contido ao que fan referencia.
- 7) O portafolio deberá presentarse en formato dixital (o/a titor/a poderá requirir tamén, se así o considera necesario, a súa presentación en formato papel).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PORTAFOLIO EN RELACIÓN COA EXPRESIÓN ESCRITA

- Corrección ortográfica e gramatical
- Uso adecuado da puntuación
- Propiedade léxica e precisión terminolóxica
- Coherencia e cohesión textual
- Emprego do rexistro formal
- Dominio das principais secuencias textuais que adoitan conformar un traballo académico (descrición, argumentación e explicación)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PORTAFOLIO EN RELACIÓN COAS APRENDIZAXES DESENVOLTAS

- Grao de coñecemento da aula (programación, funcionamento, dinámicas).
- Grao de coñecemento da actividade docente, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais.
- Grao de participación e reflexión sobre as propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer na aula.
- Capacidade para promover e facilitar a aprendizaxe na primeira infancia, desde unha perspectiva global e integradora das súas diferentes dimensións (cognitiva, emocional, psicomotora e comunicativa)



- Capacidade para deseñar e planificar proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas das crianzas, a igualdade de xénero, a equidade e o respecto dos dereitos humanos e do medio
- Grao de adquisición de coñecemento práctico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos.
- Capacidade para desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade.
- Capacidade para relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo.



Anexo I

PRÁCTICUM II

Nome e apelidos do autor/a
Titor/titora Facultade (nome e apelidos)
Institución de Prácticum
Titor/Titora da Institución (nome e apelidos)

Grao en (nome da titulación)
Curso 20____-20__

Anexo II

PORTAFOLIO. PRACTICUM II

Índice paxinado

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Xustificación da selección da institución
- 1.2 Breve descrición do centro educativo
- 1.3 Descrición da organización temporal e das tarefas encomendadas

2. DESCRICIÓN DOS PROCESOS DE ENSINO-APRENDIZAXE NA AULA

- 2.1 Caracterización do grupo-aula: tipos de relación, formas de participación.
- 2.2 Programacións:
 - Tipo de programación: unidade didáctica, proxecto de aprendizaxe, grao de integración da programación na rutina diaria etc.
 - Grao de contextualización dos obxectivos, contidos e competencias.
 - Atención á diversidade e individualización.
 - Presencia da educación en valores, xénero, medio ambiente e sostibilidade.
 - Grao de apertura e flexibilidade.
 - Relación entre o planificado e o desenvolto na aula.
- 2.3 Metodoloxía e recursos utilizados nas actividades:
 - Organización dos espazos: distribución da aula e obradoiros, recunchos, mesas por parellas, disposición en U etc.
 - Organización do traballo: individualista, cooperativo (colaborativo) e grao de autonomía e participación do alumando.
 - Actividades e recursos, coherencia con contidos, obxectivos e competencias.
 - Papel do xogo.



- Tipos de relación e motivación.
- 2.4 Atención ó alumando con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
 - Alumnado con problemas de aprendizaxe, emocionais, motrices de adaptación etc.
 - Plan de integración (aposta pola educación inclusiva).
- 2.5 Avaliación.
 - Finalidade e periodicidade.
 - Instrumentos e actividades de avaliación.
- 2.6 Relación coas familias (frecuencia, iniciativa, temas, recursos para a comunicación etc.). A figura do titor/a.

3. **DESEÑO DE PROPOSTA DIDÁCTICA**

Deseño do proxecto de aprendizaxe, unidade didáctica, etc. (obsérvese esquema a modo de orientación)

- 3.1. Título
- 3.2. Presentación e xustificación
 - Contexto: características do contexto que explican o interese da proposta didáctica.
 - Centro/aula: organización dos espazos e tipo de materiais que se dispoñen para o desenvolvemento da proposta.
 - Contextualización da proposta no marco da programación didáctica anual.
 - Alumnado: características do alumnado ao que vai dirixida.
- 3.3 Relación de obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación.
- 3.4. Grao de contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- 3.2. Proposta metodolóxica: fases do proxecto, actividades para desenvolver, espazos, recursos, temporalización etc.
- 3.3. Proposta de avaliación.

4. **POSTA EN PRÁCTICA DO PROXECTO, UNIDADE DIDÁCTICA**

(Elaborarase unha memoria narrativa da aplicación da proposta didáctica, en caso de non poder aplicarse a proposta debe xustificarse o motivo).

5. **ACCIÓNS DE CAMPO**

Descrición e análise dos procesos observados no marco da xornada diaria na institución, por exemplo poden escollerse entre os apartados 5.1 e 5.7. Poderase incluír ata un máximo de 5 accións de campo.

- 5.1 Descrición e análise das accións educativas observadas: explicación das razóns, fundamentos teóricos/prácticos, condicionantes espazo-temporais, recursos, etc. que xustifican os enfoques adoptados.
- 5.2 Descrición e análise das rutinas de entrada e saída do centro (deben observarse os modos de relación , interacción dos nenos e nenas coas súas familias etc.)
- 5.3 Descrición e análise dos tempos de patio (relacións entre iguais, roles desempeñados polos menores, modo de implantación das normas dos docentes...)
- 5.4 Descrición e análise da relación docente coas familias (entrevistas mantidas, obxectivos planeados en conxunto co contexto familiar, actividades de portas abertas e ou actividades planeadas de forma conxunta..)
- 5.5 Motivación do alumnado. Como podo motivar ao alumnado? Que valor ten prestar atención a esta variable?
- 5.6 En que consiste o ideario do centro? En que sentido condiciona o desenvolvemento de ensino-aprendizaxe?
- 5.7 Que valores se reflicten na labor educativa diaria do centro?

Para cada unha das accións recollidas completárase a seguinte táboa:

Descrición: (describe de forma detallada e ordenada a situación obxecto de reflexión e análise –que sucede, onde sucede e durante canto tempo sucede–, recollendo os diferentes puntos de vista dos implicados de forma directa ou indirecta)
Análise do sucedido: (analiza a situación descrita poñéndoa en relación coa teoría estudada nas diferentes materias do grao, facendo referencia, se procede

ás fontes documentais, nas que te apoias para emitir os teus xuízos, e incorporar cando menos, unha ou dúas fontes documentais que aborden a temática e axuden a elaborar un discurso informado máis aló da mera opinión e interpretación persoal.
--

Conclusións e, se procede, propostas de mellora.

6. XORNADAS FORMATIVAS (repítase o contido tantas veces como xornadas formativas se reciban).

6.1. Título

6.2. Descrición e valoración das súas achegas para a formación teórico-práctica do futuro profesional da educación primaria.

7. CONCLUSIÓN OU REFLEXIÓN SOBRE O PERÍODO DE PRÁCTICAS E AS SÚAS IMPLICACIÓNS PARA O EXERCICIO PROFESIONAL

(só as cuestións que procedan)

7.1. Oportunidades e dificultades no deseño e na aplicación da proposta.

7.2. Avaliación por parte dos diferentes implicados (alumnado, titor/a).

7.3. Valoración persoal e propostas de mellora de cara á futura actividade profesional.

7.4. Reflexión global sobre a formación académica e a súa relación co Prácticum

7.5. A praxe da educación primaria: presenza, funcións, liñas de mellora etc.

7.6. Aprendizaxes profesionais adquiridas da cordo os contidos da materia, na institución e no resto das actividades desenvoltas na Facultade (centro, titorías grupais, xornadas, etc.).

7.7. Necesidades de formación para o futuro exercicio profesional.

8. Referencias

9. Anexos